Veño de publicar no selo discográfico «Ruido de Fondo» como Jéan Fixx o meu álbum *2084*, que é unha epifanía de corte electrónico composta por dez temas que busca a nosa capacidade de imaxinar outros futuros posibles, propoñendo un son baseado na mestura do dixital e o orgánico e que presenta un mundo cambiante en constante evolución. Agora mesmo estou a deseñar un directo para amosar todo este traballo onde o visual tamén terá unha parte fundamental, ademais de ter editado tres videoclips para as cancións «Planeador», «Run to the rescue» e «Shocking dancers».

Tamén estreei este ano no Teatro Rosalía de Castro da Coruña *Constantes do porvir*, que é un espectáculo interdisciplinario que mestura danza, performance, espazo audiovisual e música electrónica, e que busca atravesar os desexos e intuicións da nosa sociedade en relación co tempo futuro, ese espazo-tempo anticipado onde non só nos proxectamos, senón tamén onde evadimos a nosa responsabilidade do tempo presente.

Roy the Kicker & Free Winona personaxes presentes en *50 minutos de Simulación programada* (2018) e no vídeo *Shocking dancers* (2022) de Jéan Fixx



**ANA
GESTO**

O traballo de Ana Gesto (Santiago, 1978) implica unha profunda revisión do corpo desde as súas raíces, conectando a idea de identidade e a recepción social das súas performances a través de propostas multidisciplinares onde o son e o escultórico sitúanse como eixos fundamentais.

Con estudos de Belas Artes (2003-2008) na facultade de Pontevedra (UVigo), completou a súa formación cunha bolsa SICUE na San Carles de Valencia (UPV). Foi bolseira pola SUG para estudos de terceiro ciclo (nova adxudicación e prórroga) 2009-2010 e formou parte do grupo de investigación “Resistencia e Materialización” da Universidade de Vigo entre 2008 e 2011. Impartiu talleres de arte de acción e artes visuais en varias galerías, museos e escolas. Performou en diferentes eventos e ten participado en exposicións individuais e colectivas a nivel nacional e internacional como *Hydra. Küntlerforum Boon* (Alemania 2013), *Corporeidades Feministas en España* (Costa Rica 2014), *Arqueologías de lo íntimo* (León 2014), *Mujeres: territorios artísticos de resistencia* (La Nau, Valencia 2014), *La Muga Caula* (Cataluña, 2015), *Alén dos xéneros* (Museo MARCO de Vigo e Auditorio de Galicia de Santiago, 2017), *Mulleres en acción: Violencia Zero* (Acción colectiva con Ana Matey, Isabel León Guzmán, María Marticorena no museo MARCO de Vigo, 2019), *PAO Festival 2019* (ROM Kunst+Arkitektur, Oslo-Noruega 2019), *Camións Incertos* (Fundación Camilo José Cela, Padrón, 2020), *Conversas arredor da performance* (Universidade de Vigo, 2021), *Memoria e terra, Recolectoras*, (Lugo 2021), *Mujeres Dadá de Ediciones Canibaaal* (Valencia), entre outras.

Estudas na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, realizando un ano de formación na UPV Universitat Politècnica de València a través dunha bolsa SICUE. Como valoras ambas as experiencias formativas e que achegou cada unha á túa posterior traxectoria profesional?

Na miña opinión, é fundamental para todos os artistas ou estudantes moverse e coñecer outras dinámicas de formación. A min, concretamente, Valencia veume moi ben porque seguían unha metodoloxía moi distinta á de Pontevedra. En primeiro lugar, ao irme descubrín o valor desta universidade, moitas veces tendemos a non valorar o noso e Belas Artes en Pontevedra ten un nivel moi alto. Recordo que isto o comentaba unha profesora de Valencia, que os que estudamos en Pontevedra estabamos afeitados a traballar duro, con entregas moi continuas e un gran volume de traballo. Cando cheguei a Valencia chamoume a atención que a primeira entrega era para tres meses despois e pensei, como xestiono isto? Con todo, esa dinámica servíume para coller disciplina e desenvolver o meu proxecto persoal dunha maneira moito máis potente.

O feito de ter máis tempo permite desenvolver doutro xeito o traballo.

Absolutamente. Para min, Valencia resultou fundamental para desenvolver o meu proxecto, destacando tamén o cursar materias como performance ou arte sonora, que completaban aínda máis o que quería facer.

Poderíamos dicir que os teus inicios no campo da performance teñen a súa orixe en Valencia?

Non, teñen a súa orixe en Pontevedra pero dunha forma máis inconsciente. Comecei facendo esculturas, accións... e usando o corpo como linguaxe. A medida que isto ía evolucionando, dábase conta de que se estaba convertendo en algo bastante repetitivo e fun abandonado a miña idea inicial de pintura para centrarme na escultura desde a noción de corpo. Despois, en Valencia, cursei unha materia de performance con Bartolomé Ferrando, a quen considero un referente clave. Tiven a sorte de coñecer o seu traballo un ano antes, nas *Xornadas de Arte de Acción Chámalle X* organizadas por Carlos Tejo na facultade de Pontevedra, e me quedei fascinada. En Pontevedra dei os meus primeiros pasos cara ao traballo performativo, en Valencia exploreino, traballeino, entendiño, estudeino, estiven con xente que o practicaba e tiven claro que a performance era o medio no que me sentía máis cómoda para comunicar.

Comentas o teu interese polo corpo, que exploraches a partir de linguaxes moi diversas desde unha primeira etapa formativa. Actualmente, na túa práctica artística, continúas empregando un campo de interacción de recursos plásticos nos que o teu propio corpo sitúase como eixo transversal. Como se inicia este interese por introducirse como suxeito activo dos teus traballos?

O corpo converteuse en materia cando entendín a forma na que este se traballaba a través da performance. O certo é que teño moito medo escénico, pero en canto comezo a realizar unha acción



Sombra e sordina, 2018. Fotografia: Patricia Cupeiro López e Susi Gestó

todo cambia. Prodúcese unha liberación porque entendo o corpo como un material máis, en diálogo co resto. Hai unha frase de Roland Barthes, que nos dicía Bartolomé Ferrando e describe perfectamente o que estou a querer contar: “O meu corpo non ten as mesmas ideas ca min”. O corpo incorpórase á escultura, convértese en materia, non actúa nin interpreta unha personaxe, senón que funciona como material.

Coma se, dalgunha maneira, tiveses que deixar de ser consciente de ti mesma para poder desenvolver a acción.

Si. Ten que ser así, porque se es consciente de ti non es consciente dos demais elementos. Por exemplo, cando colles un papel e o moves existe un tempo que lle corresponde ao papel, o teu tempo e o do papel teñen que funcionar xuntos, non o podes forzar. Hai un exercicio que lles poño aos meus alumnos que explica moi ben esta conexión: dígolles que collan unha pluma, moi lixeira, e a manteñan no aire soprando. Ao principio todo son movementos bruscos pero, aos poucos, o corpo e a pluma van entrando en harmonía. Isto é o que ocorre co corpo e a performance; conseguir que todo funcione da mesma forma para que o protagonismo o leven os elementos cos que estás a traballar: materiais, espazo, corpo, público...

Outra cuestión importante que está presente no teu traballo é a relación entre disciplinas artísticas. Desde o deseño da túa propia indumentaria, con traxes que se comportan a modo de esculturas vivas, até o display instalativo e a documentación (son, vídeo, fotografía...) das accións. De que forma dialogan todas estas linguaxes?

O que está claro é que son unha performer que bebe das artes plásticas e que a escultura e a instalación son elementos moi presentes no meu traballo. O meu proceso sempre parte do material. Un material que a maior parte das veces convértese en traxe, nunha especie de armadura... pero a base é traballalo de forma escultórica e sonora. Así, o son é outro elemento que teño presente tamén desde o inicio; o son dos obxectos. Use o material que use, interésame explorar a sonoridade da escultura. Coñecer como se comportan a nivel sonoro uns obxectos con outros é algo que teño moi interiorizado desde pequena e que ten que ver co traballo do meu pai no seu taller de ourivaría. En Valencia cursei unha materia de arte sonora con Miguel de Alarcón na que empecei a desenvolver a idea do son-obxecto, a experimentación en tempo real na performance e a súa relación cos instrumentos musicais.

Constrúes paisaxes sonoras que teñen que ver coa propia identidade dos obxectos. Son obxectos cotiáns, próximos. Como xorde o teu interese por este tipo de elementos e que significado buscas que transmitan?

Creo que a través do cotián chegas a moitísimos lugares, aínda que traballes desde a inventiva do teu lugar. Cando investigo a idea de identidade cultural, si que é certo que traballo con iso porque está tamén dentro do meu contexto de vida. É dicir, non diferencio moito a miña propia vida con respecto ao meu traballo e, polo tanto, emprego os elementos que se me presentan e que pertencen ao meu imaxinario.

Coma se, dalgunha maneira, tiveses que deixar de ser consciente de ti mesma para poder desenvolver a acción.

Si. Ten que ser así, porque se es consciente de ti non es consciente dos demais elementos. Por exemplo, can-



Concerto para Ferreiras e Do de peito III. D.C al fine USD Cenica, 2021. Fotografias: Manu Mahia e Susi Gesto



La cuerva (serie antifonías), 2015. Fotografías: Susi Gesto e María Xosé Domínguez

do colles un papel e o moves existe un tempo que lle corresponde ao papel, o teu tempo e o do papel teñen que funcionar xuntos, non o podes forzar. Hai un exercicio que lles poño aos meus alumnos que explica moi ben esta conexión: dígolles que collan unha pluma, moi lixeira, e a manteñan no aire soprando. Ao principio todo son movementos bruscos pero, aos poucos, o corpo e a pluma van entrando en harmonía. Isto é o que ocorre co corpo e a performance; conseguir que todo funcione da mesma forma para que o protagonismo o leven os elementos cos que estás a traballar: materiais, espazo, corpo, público...

Outra cuestión importante que está presente no teu traballo é a relación entre disciplinas artísticas. Desde o deseño da túa propia indumentaria, con traxes que se comportan a modo de esculturas vivas, até o display instalativo e a documentación (son, vídeo, fotografía...) das accións. De que forma dialogan todas estas linguaxes?

O que está claro é que son unha performer que bebe das artes plásticas e que a escultura e a instalación son elementos moi presentes no meu traballo. O meu proceso sempre parte do material. Un material que a maior parte das veces convértese en traxe, nunha especie de armadura... pero a base é traballalo de forma escultórica e sonora. Así, o son é outro elemento que teño presente tamén desde o inicio; o son dos obxectos. Use o material que use, interésame explorar a sonoridade da escultura. Coñecer como se comportan a nivel sonoro uns obxectos con outros é algo que teño moi interiorizado desde pequena e que ten que ver co traballo do meu pai no seu taller de ourivaría. En Valencia cursei unha materia de arte sonora con Miguel de Alarcón na que empecei a desenvolver a idea do son-obxecto, a experimentación en tempo real na performance e a súa

relación cos instrumentos musicais.

Constrúes paisaxes sonoras que teñen que ver coa propia identidade dos obxectos. Son obxectos cotiáns, próximos. Como xorde o teu interese por este tipo de elementos e que significado buscas que transmitan?

Creo que a través do cotián chegas a moitísimos lugares, aínda que traballes desde a inventiva do teu lugar. Cando investigo a idea de identidade cultural, si que é certo que traballo con iso porque está tamén dentro do meu contexto de vida. É dicir, non diferencio moito a miña propia vida con respecto ao meu traballo e, polo tanto, emprego os elementos que se me presentan e que pertencen ao meu imaxinario

Son obxectos ademais moi connotados, a miúdo relacionados co fogar, que poden dar pé a diversas lecturas sociais.

Son moi consciente das connotacións dos obxectos cos que traballo, xa que previamente investigo a súa simboloxía e o que significa para a xente. Con todo, despois están as lecturas do público, que poden distanciarse do que eu pensei previamente. Por exemplo, para a peza na que aparezo cargando unha especie de saia con potas fixen moitas versións. Esta peza non naceu orixinalmente para converterse nunha alegación feminista senón que buscaba traballar a idea de memoria, cada unha das potas ten unha historia porque pertence a diferentes persoas. Nese momento interesábame explorar o concepto dos pesos e as cargas desde outro punto de vista; o da memoria. Pero non somos donas da lectura que a nosa obra xenera e este proxecto espertou unha lectura feminista. Ao final, falamos dunha muller que arrastra co seu corpo o peso de varias potas e iso condiciona un tipo de recepción. Tería a mesma lectura se fose corpo dun home o que realizara a performance? Con todo, interesoume ese

novo enfoque e o que fixen foi evolucionar a obra desde o punto de vista feminista, converténdoa nunha peza activista.

É curioso isto que comentas, xa que é algo que sucede a miúdo. Os creadores e creadoras levades a cabo unha investigación previa, xogades coas vosas propias experiencias e intereses e, unha vez o traballo é mostrado ante o público, amplíase o seu nivel de lectura en función do contexto e de quen sexa a persoa receptora. É importante que se xeren esas discordancias porque quere dicir que a obra está viva.

Si, polo menos no meu caso este é o obxectivo de facer unha performance; quero que a lectura sexa totalmente libre. Unha performance non é narrativa, senón que na súa lectura é unha peza máis abstracta que cada persoa pode interpretar á súa maneira. E aí é cando realmente funciona. Para min é fundamental que o público termine de construír a performance e traballo con esa evolución, desenvolvendo a peza desde diferentes versións.

Volvendo aos obxectos e continuando coas súas asociacións, moitos dos elementos que empregas nas performances teñen unha estreita relación coa tradición e a cultura galegas.

Si, na miña casa estivo moi presente esa idea. A tradición, as festas populares, os sons e instrumentos musicais de Galicia. Durante a miña etapa de facultade en Valencia, presentei unha peza de arte sonora feita con cunchas de vieira e sorprendeume a gran acollida que tivo. Iso levoume a reformularme a consideración que recibía o traballar en arte contemporánea coa identidade cultural galega na propia Galicia con respecto a outros territorios e servíume para reafirmar a miña forma de traballar. Quero reflectir a miña paixón e, á vez, a unha parte retranqueira que inevitablemente e por fortuna vai asociada á nosa cultura.

Como entendes a función social da arte ou desde que perspectiva é aplicada no teu traballo?

O social é unha das cousas que marca o meu traballo, xunto coa identidade, a retranca e o cotián. Paréceme moi importante a función social da arte e eu intégroa en toda a miña obra, sexa desde o feminismo, o político, a identidade...

As túas performances repítese en diferentes contextos e lugares, mesmo se combinan establecendo variacións para dar lugar a novas obras. É o caso do teu traballo con *Do de peito* (2018) que ultimamente derivou en *Fereñas e Do de peito* (2019-2021) e en *Accións e variacións para Do de peito*, realizada na feira *Culturgal* (2021), no marco do programa *#ViolenciaZero* da Deputación de Pontevedra. Como se orixina?

Do de peito foi a primeira peza que xurdiu coa colaboración de Patricia Cupeiro. Ela é unha boa amiga, é música e historiadora da arte e coñece moi ben todos os procesos das miñas performances, con ela desenvolvo os conceptos que teñen que ver co son musical. *Do de peito* xurdiu por mor dunha época da miña vida na que necesitaba pegar un berro, estaba a pasar pola postmaternidade e o machismo extremo ao que te enfrontas unha vez quedas embarazada. Ao principio renegaba de falar de maternidade, pero sempre estaba presente, mesmo en pezas anteriores, e nesta obra estaba de maneira máis contundente. Tiña que dar o “do de peito” constantemente. Esa é unha expresión que vén do canto lírico e asóciase popularmente co feito de superar situacións que requiren dun esforzo especial. Curiosamente, está relacionada coa voz masculina, concretamente coa tesitura dos tenores. Para resumir



Subiendo 4323, 2011. Fotografía: Xulio Gil.

o tema en poucas palabras, antigamente os cantantes enfrontábanse coa dificultade de chegar a esta nota sen usar a técnica do falsete. Con todo, tal como Patricia explicábame, as voces femininas teñen tesituras diferentes e enfróntanse a outro tipo de dificultades, non a esa en concreto. Entón intereseime por profundar nesa idea, investindo os papeis e integrando a experiencia da maternidade na obra. Desde o meu punto de vista, é a muller a que dá o “do de peito”. En lugar de falar da maternidade desde o ventre, quixen facelo desde o peito, aínda que non deixaba de ser unha especie de

auto-negación da maternidade. Experimentei con varias pezas ata que comprendín que tiña que dar máis de si e finalmente afrontei de forma directa o tema. Foi entón cando incorporei a saia coas ferreñas e as bólas de xoguete, a peza foi crescendo e evolucionando.

Como determinas o percorrido de cada unha das túas accións e cando decides dar por terminado un proxecto?

Vou pechando os proxectos no momento que

Intervalos variables. Line Up Accion, Coimbra-Portugal, 2011. Foto Joan Casellas



vexo que ese material xa non dá máis de si, que non conta máis cousas novas, é dicir, o traballo mentres considero que achega algo. A cantidade de pezas que me pode dar un material non o sei, depende de que material use. Outra cousa que fago a miúdo é fusionar unha peza anterior coa seguinte, facendo interactuar os materiais. Nese proceso vou eliminando unha e vaise quedando a outra, é algo moi orgánico.

A exposición do teu traballo xérase en diferentes espazos, desde museos e galerías até a rúa. Cada contexto ten unhas esixencias e un público moi diferente. Como resulta o proceso de adaptación da obra a cada un dos escenarios?

O tema do espazo é algo que no meu traballo ten moita importancia. Non me ineteresan demasiado os espazos neutros, o cubo branco, senón que prefiro espazos que tentan integrar algún tipo de contexto ou significado; que dialoguen coa propia peza. Por iso, cando vou facer unha performance adoito estudar o espazo previamente, traballando en base a el. Por exemplo, se ese espazo ten escaleiras, trabállase desde a idea de escaleira, se ten unha rampla trátase dende esa superficie... Tamén inflúen o público e o contexto social. O público dun museo ou galería é un público máis especializado, que sabe que vai ver unha performance e que van suceder cousas. A min encántame cando o público non sabe o que vai suceder, cando non espera nada, para iso a rúa é fantástica. Cando estás na rúa, a xente que asiste á performance ten unha idea concreta do espazo, é un lugar onde viviu cousas e, de súpeto, a túa acción pode ter o poder de modificar, aínda que

sexa mínimamente, a impresión que cada persoa ten dese lugar.

Estas accións implican conectar cun público que non ten que ser especializado. Consideras que a performance pode ser un medio máis próximo, sobre todo cando se realiza na rúa?

A performance como disciplina ten moi pouca historia se a comparamos coa pintura ou a escultura pero socialmente é unha ferramenta moi potente. A súa función non é narrativa, senón que o seu sentido é que te emocione, que provoque algo, que te remova, e neste sentido é moi efectiva. A xente achégase moito cando ve un corpo, cando ve á artista, e provócalle outro tipo de empatía. A mensaxe do corpo é máis inmediata, mesmo se usa nas manifestacións como medio de expresión e ten unha función moi poderosa como ferramenta de cambio.

**AMAYA
GONZÁLEZ
REYES**

Amaya González Reyes defínese como unha persoa guiada pola curiosidade, polo pracer de ver e de facer. Di que é artista plástica porque non sabe facer outra cousa e porque iso permítelle explorar, descubrir e facer algo diferente en cada ocasión.

É doutora en Estudos Literarios pola Universidade de Vigo (2020) e licenciada en Belas Artes nas especialidades de Escultura e de Pintura (Universidade de Vigo, 2005). Realizou estancias de traballo e de formación en Arteleku (San Sebastián), Museo Serralves (Porto) e Laboral Escena (Xixón) dentro do programa Mugatxoan; asistiu a diversos talleres con artistas como Gabriel Orozco (Fundación Botín, Santander), Isidoro Valcárcel Medina (Facultade de Belas Artes, Pontevedra) ou David Lamelas (MARCO, Vigo), entre outros; e recibiu a bolsa de creación artística da Fundación Laxeiro de Vigo, a bolsa de produción do programa Mugatxoan e a Axuda á produción artística do Centro Cultural Montehermoso Kulturenea de Vitoria. Actualmente, a súa obra, que se podería definir como interdisciplinaria, está presente en exposicións de arte contemporánea en centros de recoñecido prestixio (CGAC, MARCO, MAC, Círculo de Belas Artes, etc.), así como en numerosas coleccións privadas e públicas como as do CGAC (Santiago de Compostela) ou o Museo de Arte de Santander (Cantabria).

Desde a túa formación en Belas Artes na especialidade de Escultura e de Pintura e o Mestrado en artes escénicas (Universidade de Vigo), movícheste nun campo de traballo de interacción entre disciplinas, empregando diferentes linguaxes e elementos. O uso desa variedade de recursos permite traballar en múltiples direccións. Como ou cando defines o tipo de aproximación plástica que require cada proposta?

Non é algo que defina eu de forma premeditada, ás veces téntoo, pero adoita cambiar. É algo que acontece durante o proceso, é unha cuestión de escoitar o que o traballo vai pedindo e, por suposto, estar atenta e aberta aos cambios, probando e arriscando ata última hora, cando xa se tomaron as decisións finais e resulta obvio que non hai nada que cambiar, porque non podería ser doutra maneira. Tes unha idea para facer un cadro pero, mentres pensas nela e fas bosquejos, descubres que o seu formato non é unha pintura, senón outra cousa. Entón, xa te levou a outro lugar, quizais a unha instalación, ou a un vídeo? Depende sempre do que busques. Como non teño unha técnica estándar, por así dicilo, permítome a elección que mellor se adapta aos meus intereses. Outras veces, é unha cuestión de responder a un encargo ou a unha proposta, como cando te convidan a facer unha *performance*, partes do formato xa e a idea pénsase para el.

Tal como dis, no teu caso o desenvolvemento e a evolución da peza é tan importante como a súa materialización. Que importancia adquire o proceso na túa obra?

O tempo é importante para todo e é unha cuestión que me interesa especialmente, desde todas as perspectivas. O tempo e o proceso da obra son crecemen-



AMAYA



to, desenvolvemento, evolución. É o que permite a maduración dunha idea, pero tamén permite a distancia para ver con obxectividade, para dialogar coa obra, para atendela, consentila e ofrecerlle o que necesita. Tamén fai falta tempo para puír, para coidar ata o último detalle, para chegar á «obra redonda». O proceso adoita ser tan importante coma a obra, sen el non se chegou a facer nada, gústame deleitarme nel, moitas veces iso vese, e outras só se pode intuír, pero sempre é clave no meu modo de traballar. Convivo con materiais e con ideas durante anos, fago infinitas probas e xogo moito con eles; é o proceso tamén do que non se ve e do que na maioría das ocasións nada sae á luz ata que lle chega o seu momento, que tampouco sabes cando será.

Cando naceu a miña filla apenas tiña tempo para facer obra, estaba na cama con ela durante horas e comecei a debuxala ás escuras, sen mirar para o debuxo, mirándoa a ela. Inventábame regras para debuxar, sen levantar a man, con varias cores, sen pasar dúas veces polo mesmo sitio... Durante algo máis dun ano debuxeina centos de veces mentres durmía e os debuxos estaban no caixón da mesa de noite. Un día, chamáronme para facer unha exposición individual no MAS de Santander e decidín expor parte deses debuxos baixo o título *No hay nada tan importante*. Botaba de menos outros modos de traballar, outros materiais, outras formas, pero nese momento da miña vida tiña outra prioridade, todo o meu pasado estaba encaixado e o meu presente era ese: ser nai e, como artista, reducíase a eses cadernos. A exposición foi ao final unha grande instalación formada por unha selección de debuxos nas paredes e case toda a miña obra anterior embalada no centro da sala. En ocasións, parece que

resolves moi rapidamente, pero levas moito tempo dándolles voltas ás cousas e a toma de decisións ao final resulta fácil.

Tamén empregas códigos que van desvelando as dinámicas do propio ecosistema artístico, reflectido en proxectos como *Yo gasto* (2008), *Confesiones* (2009) ou *Obra(s) ejemplare(s)* (2016), entre outras. De que forma cres que está presente o matiz irónico e crítico?

A ironía e a crítica son modos de estar no mundo, gustoume máis usar o humor, e de paso rirme un pouco máis, pero vese que non me sae. Supoño que o propio sistema fai inevitable que ese matiz aflore, alá onde vas é evidente que todo está cheo de modos de estar/ facer moi cuestionables, e convértense en temas posibles, como calquera outro, e logo as circunstancias axudan, eu sempre digo que é o *karma*, que cada un ten o seu e, a min, veume tocado... Mentres preparabamos a inauguración da exposición *En efectivo* (2006), bolseira pola fundación Laxeiro, e estabamos a instalar as obras, detiveron ao presidente de Afinsa, que era a sociedade patrocinadora das bolsas por aquel entón. Recordo que era un martes e o seu nome era o que asinaba as invitacións da exposición que se inauguraba o venres, o presidente era arrestado por fraude e estafa e no cartón había unha moeda calcada, a exposición estaba chea de fotos de billetes e, por un momento, non sabiamos que ía pasar. Ás veces penso que a ironía está aí, e eu só me atopo con ela, ou máis ben, ela atópase comigo.

É moi interesante o caso de *Yo gasto* (2008), obra coa que participaches en ARCO (Galería Parra&Romero) e onde traduciches ao lenzo as túas facturas de compra durante un ano vendéndoas polo valor de cada un dos tickets. Posteriormente, fixeches unha actualización da peza con *Yo gasto (In memoriam)*, 2008-2020, que inclúe os lenzos non adquiridos xunto a materiais que acompañaron a obra e a documentación da súa repercusión no circuito artístico do momento. Que nova lectura alcanza esta obra?

Cando en 2008 estivemos en ARCO foi un bombazo, superou todo o que podiamos imaxinar e situoume no punto de mira, en todos os telexornais, eu era moi nova e con moito por aprender aínda e foi un pouco un shock. Todo sucedeu moi rápido e, mentres a nivel artístico todo parecía ir como unha seda, a nivel vital todo estaba a ser moi duro, con perdas importantes, os éxitos embazábanse co día a día fóra da sala de exposicións, foi moi estraño e foron tempos moi intensos para min. Tras todo iso, houbo unha época de parón no meu traballo, na que mesmo me daba medo facer algo, porque temía o que podía acompañalo, pero obviamente non puideron deixar de facer, e aquí estou. Mirar atrás forma parte do meu modo de facer, revisar, resituar, volver ver dáme outra perspectiva. Revisitar esta obra e refacer supón depurar, e tamén construír desde a distancia, con capacidade para revalorar. Agora a obra non está en venda, é unha instalación moi variable en forma, cuxo contido é un depósito de recordos, un almacén de documentos e obxectos dun momento clave no meu traballo. Está na colección do CGAC, o cal lle ofrece a posibilidade de transcender máis aló do balbordo mediático.



Performance realizada no marco da exposición *Entrar en la obra, perderse en ella*. Museo MARCO de Vigo, 2011-12. Fotografía: Joan Meyera.

Vimos máis veces no teu traballo a reformulación de obras xa realizadas, como sucedeu con *Artísticamente (in) correcto* (Zona C, Santiago, 2008) e a mostra *Artísticamente correcto* (Lab_in, Vigo, 2016). Que supón volver pensar sobre obras anteriores e de que maneira se actualizan?

Pasa o tempo e a pesar diso sigo sendo a mesma, un pouco máis vella, e quizais máis cauta, con outras preocupacións, pero coas mesmas inquietudes e obsesións. Hai constantes en ideas, gustos e teimas que perduran e teñen que ver con quen son e como sinto o que me rodea. Ás veces hai ideas nas que sigo pensando, proxectos que quedaron a medias por cuestións de tempo, ou que seguen viventes porque non dependían da moda do momento, senón de cuestións máis amplas, como o día a día da artista, as condicións das exposicións etc. Sempre son actuais, acordes co seu tempo.

É algo que tamén aparece nas túas *performances*, onde a experiencia de accións previas pode axudar a configurar outras novas. Pero no caso da *performance* factores como o público ou o tipo de espazo son máis determinantes.

Gústame aprender de cada traballo, avalialo, repensalo, e tamén continualo se é posible. Aínda que hai pegadas dunha acción noutra, sempre se conciben de forma autónoma e non se necesitan para referenciarse, é o mesmo universo, pero outra etapa. O espazo e o público forman parte da acción, penso neles, sempre traballo co espazo de forma específica e penso no que vai ver o público, e como todo iso forma parte do que vai suceder.





Desfile entre tiempos. Festival Plataforma de Santiago de Compostela, 2021. Foto Manuel G Vicente



A experimentación, ou o azar, é outro dos recursos que normalmente introduces nas performances. Que che interesa explorar?

Interésame explorar os procesos de creación, e todo aquilo que me poida sorprender, os materiais, as situacións... Houbo un tempo que me definía como unha exploradora de procesos artísticos, xogaba cos obxectos, os materiais... Traballaba coa premisa «que pasaría se» e facía probas, experimentaba calquera cousa que se me ocorría e trataba de dominala, de sacar algo de proveito, era como un adestramento... «A ver se consigo facer algo interesante con isto», e fallaba moito, pero saían cousas a base de explorar posibilidades. Encántame que me sorprendan os encontros, o inesperado, e iso xorde cando non tes as cousas baixo control e deixas espazo ao azar. Se traballas así tamén necesitas tempo para facer, ver, observar, analizar, volver facer, repensar... É unha metodoloxía que require moito tempo. Encántame imaxinar, sempre podemos deixar que as ideas nos sorprendan, dándolles miles de voltas, case ata o infinito. Son como unha nena grande que (re)inventa para non aburrirse.

A obra como experimento ou revisión do social. É algo que trataches en pezas como *Todavía no tengo prisa*, acción realizada no marco do congreso Fugas e Interferencias no ano 2018 ou *Desfile entre tiempos* (Festival Plataforma, Santiago de Compostela, 2021).

O social é inherente ao acto, sobre todo ante os demais e en espazos públicos. Resulta tentador usalo todo, facelos partícipes, que non estean alleos, nin a xente nin os espazos. Gústame construír atendendo ás variables, independentemente

de cales sexan. Son un ser social, a maioría das veces, aínda que me custa.

A arte da performance ten ese carácter de inmediatez que permite diversas interaccións e que escapa ao control da persoa que a realiza. Tamén permite darlle outro valor ao tempo. En todo caso, dirías que, dalgunha maneira, está presente a acción no espazo expositivo?

Si, sen dúbida, ben a través de pegadas ou de xestos, hai intencións, hai intentos de dirixir as miradas, suxerir os percorridos, posibilitar as experiencias.

En relación cos modos de exposición, poderíamos dicir que non te cingues aos patróns clásicos de montaxe, senón que profundas nas características do propio espazo, deixando así mesmo entrever a idea dun proceso en constante construción. Como se a obra se mostrase en diferentes estados ou se cruzasen o seu pasado e o seu presente.


Hai obras que funcionan sempre, independentemente de onde as coloques ou como, a esas é ás que hai que aspirar, sen dúbida, pero mesmo así hai que tratar de pensar en todo o demais, en como dialoga co que a rodea, como se percibe etc. Normalmente o contexto é unha boa ferramenta de traballo, unha máis. Cando teño unha obra pensada e chega a ocasión de facela ou expola teño a necesidade de pensar como e onde se vai mostrar, e con iso toca reformular algunhas cuestións para sempre dar a mellor versión de si mesma. Están vivas sempre.

FRUTAS CHELO
SIERRA 32 - 986857146
MONTEVEDRA

18/02/2001 08:43
No. 0 V2 NT5678

kg	€/kg	€
0.685	0.98	0.67
1.915	2.78	5.32
Operaciones		2

TOTAL	€	5.99
TOTAL	PTA	997
#2467		



Outra cuestión que resulta significativa no teu traballo é o xogo co obxecto e a súa propia concepción ou significado, elementos usados, novos ou introducidos desde outros contextos e que xeran impactos e interpretacións renovadas cando os miramos desde o prisma do artístico.

Si, gústanme as cousas, os obxectos, o vello, o novo... Gústame buscar ese lado artístico en todo, é coma un xogo de descubrimento. Apaixóname descubrir, explorar, buscar posibilidades, darlles voltas ás cousas, experimentar con elas...

Nalgunhas das túas propostas exprésanse sensacións que teñen que ver co cotián, o emocional, e que en ocasións parten da túa propia vida ou subxectividade para posteriormente presentalas ante as persoas espectadoras, que moitas veces poderán empatizar co discurso. Neste sentido, gustárame saber como valoras a idea dos afectos na arte.

Non concibo a arte sen afecto, nin sen que me afecte. É inevitable a relación co eu, máis aló de que sexa evidente ou non. Intento que as obras sexan autónomas, independentes, que se vexan máis aló da miña situación, da miña vivencia ou do meu contexto, pero é evidente que está aí, de forma máis ou menos clara.

Canto hai de introspectivo no teu traballo?

Menos do que debería creo, pero máis do que se ve nunha primeira ollada, como seguramente se pode intuír nesta entrevista.

**MARÍA
MARTICORENA**

María Marticorena é artista visual, *performer* e conservadora-restauradora de bens culturais. Dedicada á arte de acción dende 2004 como eixe da súa traxectoria artística, fórmase en talleres con Marina Abramović e Fernando e Adriano Guimarães. Comezou a súa formación na Escola de Arte Pablo Picasso da Coruña. Posteriormente diplomouse na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia e licenciouse en Belas Artes na Universidade de Vigo, e concluíu cun Mestrado en ensinanza bilingüe na Universidad Pablo Olavide de Sevilla. As súas constantes creativas son sutileza e beleza, mensaxe e forza, loita e resistencia, traballo e emoción, improvisación, intuición e repetición. Todo iso, interactuando coas persoas asistentes con certa tensión e verdadeira implicación.

Entre os seus recoñecementos atópanse o Primeiro Premio Novos Valores en 2004 e o Primeiro Premio Gzcrea en 2006 da Xunta de Galicia. Participou con diferentes proxectos *performáticos* en festivais, residencias, museos, galerías, conferencias, obradoiros e publicacións no ámbito nacional e internacional. As súas obras foron exhibidas en espazos como o Marco de Vigo, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e o Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, o Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa (MACUF) e o Palexco da Coruña. Tamén no Círculo de Belas Artes en Madrid, no Centre d'Art Sant Mónica de Barcelona, no Octubre Centre de Cultura Contemporània de València, na UANL en México, na Casa das Artes Múltiple de Porto en Portugal, na Harlech Biennale en Wales (Reino Unido) ou na Hans Payan Art Gallery en (EUA), así como en diversos festivais en parques, prazas, igrexas ou na vía pública.



Pollfontia: Dejarme las uñas, 2007. Ozcrea'06.

No ámbito académico, contas con diferentes títulos que sitúan a túa formación entre as artes visuais, a restauración e conservación de bens culturais e a educación. Son sectores diversificados que, á súa vez, atopan varios puntos comúns. Dirías que estas circunstancias formativas se manifestan no teu traballo actual?

Definitivamente si. Empecei a miña formación na Escola Pablo Picasso facendo volume, pasei logo á conservación e restauración de bens culturais e despois a Belas Artes para, finalmente, formarme en ensino artístico bilingüe e didáctica. Toda esta formación e experiencias, tanto con compañeiros coma con profesores, foron de gran relevancia no meu traballo.

Cando comezas a integrar a arte de acción como medio de expresión principal e como lembranzas a experiencia da túa primeira *performance*?

O primeiro contacto que tiven coa arte de acción ocorreu case sen sabelo, xurdiu como un impulso ou necesidade. Aínda que xa coñecía o concepto de *performance* na Facultade de Belas Artes, nunca me involucreei niso ata o ano 2003 coa realización da peza *Mimodrama*. Foi unha fotoacción realizada nunha praia. Recordo o meu primeiro contacto integrando o corpo como parte da obra e como a xente se paraba en directo. Foi un inicio moi natural. O que trataba de facer era unha construción e deconstrución do personaxe da artista (e da persoa) falando da natureza, do corpo, da erosión e de como cada obxecto se ía integrando no lugar. Aínda que eu non o tiña previsto, houbo moita xente camiñando pola praia que, dalgunha forma,

participou na fotoacción. Anos máis tarde realizaría a miña primeira *performance* de modo máis consciente, titulada *Asuntos laterales* (2005) e levada a cabo a raíz do taller de *performance* no Marco de Vigo impartido por Adriano e Fernando Guimarães. Foi moi significativa para min. A primeira *performance* ten unha forza vital moi grande con respecto ao resto.

Isto que comentas lévame a pensar noutro tipo de formación que se dá á marxe dos estudos regulados, que enriquece e adoita acompañar a traxectoria de diferentes artistas, como son os talleres con profesionais. No teu caso, realizaches cursos con creadores como Adriano e Fernando Guimarães ou Marina Abramović. Entendo que estas propostas de convivencia e estudo permiten adquirir outro tipo de perspectivas.

No taller con Adriano e Fernando Guimarães, titulado *O xogo, o discurso e o corpo* no museo Marco de Vigo, tentaban guiarnos en relación con certos parámetros que me serviron para aprender a atopar o meu camiño e non seguir o marcado por outros. Foi a partir deste taller cando decidín non volver falar nas miñas *performances* para centrarme no ritmo, o movemento, o concepto e a relación co obxecto sen usar a linguaxe propiamente dita. Outro aspecto interesante foi o feito de aprender a seleccionar a roupa de modo que se axuste á idea e necesidades da *performance*, á vez que se contribúe á comprensión da mensaxe. En canto a Marina Abramović, debo dicir que nin a estética nin a intención da súa obra actual resoan co meu espírito. No entanto, o taller que realicei con ela no seu día, *Performance body: Una historia subjetiva del body art*, no CENDEAC de Murcia, foi unha grande achega para

o meu traballo, posto que se centrou nas técnicas de relaxación, respiración, movementos conscientes e en como controlar o corpo na arte de acción. Aspectos importantísimos nas accións nas que levo o meu corpo ao límite.

Carlos Tejo tamén me achegou moito. Coa *performance Hasta que mi cuerpo aguante* (2005), no festival Chámalle X da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, aprendín que é coherente coa miña obra introducir obxectos no espazo que vou usar a modo de instalación, para que, no momento en que eu me incorporo, eses obxectos se activen e suceda a acción.

Comentabas a importancia de escoller os elementos e a vestimenta en relación coa mensaxe que se quere lanzar. Neste sentido, a túa obra traballa temas como o feminismo, a violencia, as pulsións ou outras cuestións que teñen que ver co sociocultural. Moitas veces son os fenómenos que suceden na nosa contorna política ou social os que incentivan un traballo performativo.

No meu traballo, tanto a vestimenta coma o espazo no que se desenvolve a acción son fundamentais para expresar o que quero transmitir. Utilizo a simboloxía da cor para introducir as ideas ou as metáforas. Do mesmo xeito, a natureza dos materiais e os obxectos que utilizo teñen grande importancia desde o momento en que imprimen unha intención nos sentidos que pretende estimular. O tema do papel que desempeñan os homes e as mulleres na sociedade e nas diferentes formas que teñen de relacionarse interésame, así como a violencia en todas as súas dimensións. Tratei este tema no ciclo de Violencia Zero coa performance





Pan Duro II, 2019. Ciclo Mujeres en acción, Violencia Zero. Deputación de Pontevedra. Fotografía: Iñigo Rodríguez Román

Non (2017) e coa acción *Pan Duro I e II* (2019), acción realizada xunto con Ana Gesto, Ana Matey e Isabel León na Deputación de Pontevedra e o Marco de Vigo. Estou satisfeita co resultado destas accións e gústame traballar estes temas desde o respecto e a integración.

No plano estético, apréciase o interese por facer confluír disciplinas, e utilizar o son, o ritmo ou a danza.

Ao non usar a linguaxe verbal, estas estratexias reforzan a expresividade da miña mensaxe. O meu método pasa por utilizar o ritmo, o son, a repetición e talvez non falaría de danza, senón de movemento.

O sonoro é outro elemento claramente presente. Un son que acompaña ritmos e movementos, como en *Hasta que mi cuerpo aguante* (2005) e que se volve esencial en obras como *Polifonía* e *Dejarme las uñas* (2006). De que maneira consideras que o son pode reforzar o que queres transmitir a través do corpo?

Con respecto ao son en cada acción hai unha necesidade diferente. Por exemplo, *Dejarme las uñas* (2006) é unha versión en silencio e *Polifonía* (2006-2007) é unha versión sonora. Nesa peza traballo fundamentalmente coa vibración, como unha relación corpo-mente-alma. A idea nace dunha serie de experiencias atopadas, entre o soño, a viaxe e o recordo do meu irmán Martín Marticorena, que é músico e lutier. É unha peza vibracional onde busco transmitir a sensación de vibrar como un instrumento musical. En *Hasta que mi cuerpo aguante* (2005) utilizo caixas de resonancia e, por tanto, os paráme-

tros e a mensaxe cambian. En cada peza o son é utilizado, ou non, segundo o requira o contexto.

Outra performance onde o binomio corpo-son toma protagonismo é *Unidad de Consonancia Instrumental, UCI* (2021), representada no CGAC no contexto do congreso *Fugas e Interferencias*. Que podes dicirnos desta peza?

O título UCI tradúcese como *Unidade de Consonancia Instrumental*, pero á vez, as súas siglas lévanos a pensar no servizo de cuidados intensivos dos hospitais. De feito, a peza é unha recreación dunha UCI na sala expositiva do CGAC. Aquí reflexiono sobre o que vivimos a nivel sanitario nestes últimos anos. Traballo con diferentes obxectos; tanto a miña propia vestimenta coma a do meu irmán Martín, que colaborou na *performance*. A padiola, as mesas, a cámara en directo e outros elementos van construindo unha serie de asociacións. Emprego, por exemplo, unha sulfatadora agrícola que se utiliza tanto para fumigar os espazos como instrumento musical, unha especie de gaita galega. O metrónomo marca o ritmo e a cámara fixa enfocando a miña cara alude á idea de vixilancia. En definitiva, combínanse unha serie de obxectos aos que achego novos significados e lecturas para deixar unha peza aberta á reflexión do público.

Considero que durante a situación socio-político-sanitaria que vivimos se utilizaron solucións agresivas, á vez que os cidadáns fomos vítimas de técnicas de enxeñaría social.



¿Por qué todos los capullos no se convierten en mariposas?, 2019. Galería Manolo Eirín. Fotografía: Tony Hague.

En canto á implicación do público, gustaría-me saber de que forma te relacionas cos diferentes tipos de espectadores nas túas performances. Ademais, isto está directamente relacionado co corpo, coas decisións que tomas sobre como moverte, onde colocarte...

No meu caso, é unha relación moi importante e que sucede, ademais, de forma moi curiosa. É máis, moitas veces analízoo para poder estudalo e sacar conclusións. Nas miñas *performances* interésame que as persoas se poidan mover libremente e teñan a maior liberdade posible. En todo caso, a miña relación co espectador non é física, aínda que a presenza do *performer* é moi importante, diría que é máis mental ou psicolóxica. O meu obxectivo inicial non é buscar a participación directa, aínda que si se deron situacións nas que o público espontaneamente se implicou na acción. Por exemplo, en *Hasta que mi cuerpo aguante* (2005) no festival de Chámalle X, o público marcou o final da acción aplaudindo tras percibir un esgotamento extremo. Esa mesma acción fíxena nunha igrexa desacralizada de Sevilla no festival Colectores. Curiosamente, alí hai moita cultura da Semana Santa e a devoción do público fixo que a reacción da audiencia fose moi diferente con respecto ao outro festival. En Barcelona, a mesma *performance* tivo un final completamente diferente: cando estaba a chegar á extenuación, unha moza do público achegouseme con moita tenrura e quitoume o obxecto, agarroume as costas e abrazoume marcando o final dun modo totalmente imprevisto.

¿Por qué todos los capullos no se convierten en mariposas? (2019) foi unha performance que realizaches na galería Manolo Eirín de Carballo, onde fuches colocando, cravadas no teu corpo, crisálidas de bolboretas ata que ecllosionaron. Como foron aquí as reaccións?

